

Ω, fanzine (Malafera, 2023)

cetÁrea

non comprendo a miseria
por moito que me leve acompañado

habita un océano
de gorxas esmagadas
constrúo a ponte última entre o vento e a voz

todo fluxo procede da escaseza
o degoiro, urxente, axuda as ruínas a sangrar

así inunda a vea a migración
por fame e por ferida
percorre cada corpo unha casa crebada
polas ondas nomeouse hecatombe

así remata a dor

así comeza a perda

as ruínas constitúen esa ponte ata o poema superaron
a inmovilidade do edificio e arrastran a potencia
desde o mar agonizante a construción interna como espiñas

hai no abandono infancia e traballo
no cultivo
infancia e traballo infancia
e traballo na memoria das paredes

descubre entre a desfeita un refuxio no cadáver dun paxaro

traerá o alento inmenso do mar no pulmonciño
e manterá unha á no ceo sen corpo que se pouse

recorda o lugar no que o entullo fai corrente

constrúe o fogar
contempla a ruína